

DOCE GALEGOS RECOÑECIDOS REALIZAN VARIOS TRABALLOS DOMÉSTICOS

A campaña fotográfica a prol da igualdade no fogar percorre o país

Logo de abandonar a Semana Verde de Silleda, a [mostra](#) "Podemos. Queremos. Responsabilidades compartidas" vai parar en 15 cidades galegas amosando "destacadas personaxes masculinas da vida social e cultural de Galiza" que realizan diferentes tarefas no fogar. Esta exposición de imaxes realizadas por [Xurxo Lobato](#) pretende sensibilizar a poboación amosando que os homes ben poden afrontar os labores domésticos.

- 16:14 19/06/2006

Un total de 12 imaxes son as que compoñen esta mostra e poderanse ver en Pontevedra, O Grove, Baiona, A Guarda, Tui, Allariz, Pobra de Trives, Sarria, Lugo, A Estrada, Arteixo, Ourense, Mondoñedo, Cee e A Coruña. Distribuídas en paneis individuais, as fotografías amosan o escritor Manuel Rivas estonando patacas, ao actor Luis Tosar pasando a fregona ou a Xosé Ramón Gayoso facendo a cama; os dous últimos provistos de delantal e luvas.

Estes son tres dos homes que participaron na exposición, que pretende amosar como "eles" poden desempeñar os traballos da casa. Cada retrato está acompañado de candaseu texto escrito por Rosa Aneiros, Anxos Sumai ou Mercedes Queixas, entre outras autoras galegas.

A mostra pretende pasar do paternalismo á participación e da tutela á corresponsabilidade para acabar así co "déficit democrático nos fogares". Así definiu o vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, na presentación da campaña o pasado 24 de maio. Segundo os datos que achegou a Consellería, as mulleres dedican catro veces máis tempo cós homes ás tarefas domésticas e ao coidado doutras persoas.

O percorrido itinerante da exposición acompañaase da difusión en prensa, radio e televisión de anuncios publicitarios, ademais de no reparto de 4.000 folletos e 6.000 catálogos coas fotos da exposición, xunto cos textos mencionados anteriormente. Este material divulgativo repartirase en concellos, centros de información á muller e tamén asociacións veciñais, entre outros lugares. Esta mostra inaugurouse en Santiago, cidade na que estivo exposta antes de chegar a Silleda.